

NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL PERSOAL FACULTATIVO ESPECIALISTA

CCOO asina o **Novo Pacto de Selección Temporal** despois de anos de negociación, co fin de actualizalo ás novas necesidades e mellorar o documento anterior.

A súa **aplicación farase efectiva na próxima actualización e xeración de listas do ano 2026** (non nas que están en curso, pendentes de publicar, derivadas da actualización do 2025).

Principais novidades:

- ✓ **Transformación das listas** de licenciados/as sanitarios/as de Atención Hospitalaria de **ámbito autonómico** a **listas de área sanitaria**. Establecerase un **réxime transitorio** para cambiar das listas de ámbito autonómico a listas de ámbito de área sanitaria.
- ✓ Ábrese a **quenda de promoción profesional temporal** nas listas de licenciados/as sanitarios/as de **Atención Hospitalaria**.
- ✓ Regúlase a posibilidade de ofertar **melloras de contrato** entre ofertas de longa duración que xurdan **noutro distrito da área sanitaria de inscrición**.
- ✓ Regularización da data de **actualización de listas** de todas as categorías ou especialidades de FEAs: ata o **30 de xuño**.
- ✓ **Eliminación do requisito dun ano de permanencia** na praza fixa para acceder pola quenda de **promoción profesional temporal**.
- ✓ Incorpórase a posibilidade dunha oferta de contratación por **medios telemáticos**, que se implementará paulatinamente.
- ✓ **Elimínase a mellora de vinculación** que existía no Pacto anterior de longa duración (SEA) a interinidade en praza vacante.
- ✓ As persoas de **“fóra de lista”** (listas paralelas) tamén **poden ser penalizadas** e postas en suspensión de chamamentos.

Para máis información, acode á túa sección sindical de CCOO

17 de marzo do 2026